



En cumprimento do disposto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administracións xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría xeral técnica emítese o seguinte,

INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 2 DE XANEIRO DE 2012, DE DESENVOLVEMENTO DO DECRETO 15/2010, DO 4 DE FEBREIRO, POLO QUE SE REGULA O RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA, O PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, O PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN E A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS TÉCNICOS COMPETENTES.

1. Competencia e obxecto

a) De conformidade co disposto no artigo 148.1.20ª da Constitución española e 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma asume a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

No uso da dita competencia exclusiva, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como servizo público, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema. No seu artigo 3, concreta eses obxectivos, que perfilan o ámbito propio dos servizos sociais: facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a autonomía persoal das persoas dependentes, brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección dos máis vulnerables.

No ámbito estatal a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, configura no seu título I, o sistema para a autonomía e atención á dependencia como “unha rede de utilización pública que integra, de forma coordinada, centros e servizos, públicos e privados”, regula as prestacións do sistema e prevé un catálogo de servizos que, de acordo co seu artigo 3, se deben integrar nos sistemas de servizos sociais das comunidades autónomas, no ámbito das competencias que teñen asumidas.

O Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) prevé o recoñecemento da situación de dependencia e a determinación do servizo ou servizos do sistema axeitados ás circunstancias persoais da persoa solicitante que se recollen no seu programa individualizado de atención (PIA). Nesta asignación de servizos débese dar preferencia á asignación pública dun recurso, salvo que este non exista, ou non estea dispoñible, ou por un criterio de mantemento das circunstancias persoais, status quo da persoa solicitante que xa estea recibindo un servizo privado con anterioridade á existencia, ou dispoñibilidade do servizo público.

A Constitución española, no seu artigo 149.1.1ª, atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos seus deberes constitucionais. Así o establece o artigo 7.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e o artigo 9 da mesma lei establece que o financiamento público do nivel mínimo de protección garantido para cada persoa beneficiaria do sistema segundo o seu grao de dependencia correrá por conta da Administración xeral do Estado.

O artigo 7 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, tamén establece no seu punto terceiro que a protección da situación de dependencia por parte do sistema se prestará tamén de acordo co nivel adicional de





protección que poida establecer cada comunidade autónoma. O artigo 11.2 da mesma lei tamén engade que as comunidades autónomas, de conformidade co dito artigo 7, poderán definir, con cargo aos seus orzamentos, niveis de protección adicionais ao fixado pola Administración xeral do Estado en aplicación do artigo 9, para as cales se poderán adoptar as normas de acceso e desfrute que consideren máis adecuadas.

No artigo 11 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, atribúese ás comunidades autónomas a planificación, a ordenación e a coordinación, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como xestionar os recursos necesarios para iso.

O Estado mediante o Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, regulou as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia.

De conformidade co marco competencial exclusivo en materia de asistencia social da Comunidade Autónoma de Galicia e baixo o Sistema de servizos sociais de Galicia regulado na Lei 13/2008, do 13 de decembro, aprobouse o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema de autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes e a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do dito decreto. Nestas disposicións regulanse os servizos do SAAD no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia así como as prestacións económicas (libranzas) recollidas na dita Lei 39/2006, do 14 de decembro, e especificamente os seus requisitos e intensidades. Polo que se refire ás libranzas ou prestacións económicas, na Orde do 2 de xaneiro de 2012, regula a determinación das súas contías e o nivel de protección adicional.

Así o exposto, o 19 de xullo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado*, o Real Decreto 675/2023 do 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

No dito real decreto defínese a teleasistencia como dereito subxectivo e indícase que se debe prestar como servizo complementario ao resto das prestacións, incrementanse as intensidades do servizo de axuda no fogar, e modifícanse os requisitos e as condicións de acceso á prestación económica para coidados na contorna familiar e apoio a coidadores non profesionais.

Así mesmo, o dito real decreto incrementa as contías máximas de protección, igualando os graos II e III para a prestación económica vinculada ao servizo de atención residencial, e os graos I e II para a prestación económica vinculada ao servizo de centro de día. Tamén se establece as contías mínimas das prestacións económicas.

A efectividade das contías máximas e mínimas previstas nos anexos IV e V do Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, que se engaden a través do referido Real decreto 675/2023, do 18 de xullo, procederá a partires do día primeiro do mes seguinte a entrada en vigor do dito real decreto, polo que aplícase desde o 1 de agosto de 2023.

En definitiva, o Real decreto 675/2023 do 18 de xullo, introduce modificacións substanciais no Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia relativos aos servizos e prestacións aos que dá dereito. Isto fai necesario axustar a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia ao establecido polo Estado e adaptar os procedementos e aplicativos informáticos ás novas intensidades e contías. Así mesmo, introdúcense melloras na protección da poboación galega con cargo ao nivel adicional establecido no ar-



tigo 7 da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia.

En Galicia o desenvolvemento das prestacións económicas e servizos aos que dá dereito a Lei 39/2006, do 14 de decembro, están regulados pola referida Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Como así consta na parte expositiva que motiva a nova norma modificativa da Orde do 2 de xaneiro de 2012, a realidade amosa a necesidade de que a Comunidade Autónoma complemente os importes fixados polo Estado, para poder garantir un coidado digno das persoas dependentes e resulta especialmente necesario complementar a axuda das libranzas para coidados na contorna familiar ata os 5.000€ anuais para todas as persoas dependentes que cobran menos do máximo establecido polo Estado e para o grao III cuxa contía a percibir sexa a máxima establecida polo Real decreto 675/2023, do 18 de xullo, máis o complemento adicional do 10% da Comunidade Autónoma.

Complementarase con 1.200€ anuais os importes fixados polo Estado para as libranzas vinculadas á adquisición do servizo de atención residencial, sendo conscientes do importante esforzo económico que realizan as familias para poder pagar este servizo.

Por outra banda, os importes das libranzas vinculadas á adquisición do servizo de axuda no fogar decreceron motivado polas novas intensidades fixadas polo Estado para o servizo de axuda no fogar segundo o grao de dependencia recoñecido. Se Galicia non financia estas diferenzas e establece un coeficiente corrector na fórmula matemática, as persoas que a partires do 20 de xullo se lle recoñeza unha libranza vinculada á adquisición do servizo de axuda no fogar, percibirán unha contía económica moi inferior pola mesma intensidade horas desfrutadas ata o momento. En consecuencia a Comunidade Autónoma de Galicia asumirá con cargo ao nivel adicional o importe necesario para garantir que a cidadanía siga percibindo o importe preciso para sufragar os gastos vinculados a este servizo nas mesmas condicións que antes da aprobación do real decreto polo Estado.

Polo exposto, cómpre abordar a presente modificación da Orde do 2 de xaneiro de 2012.

2. Estrutura do proxecto.

Tras o título e a parte expositiva, o proxecto de orde que se presenta estruturase nun único artigo dividido en trece números que recollen a modificación dos artigos 23.5 sobre a intensidade do servizo de teleasistencia, 24.3 sobre a intensidade do servizo de axuda no fogar, 34bis sobre o nivel de protección adicional na libranza vinculada ao servizo de atención residencial, 37 sobre os requisitos específicos para o acceso á libranza para coidados na contorna familiar, 38 c) sobre a documentación específica para o acceso á libranza de coidados na contorna familiar, 39bis sobre o nivel de protección adicional na libranza para coidados na contorna familiar, 47.2 sobre a intensidade das libranzas do catálogo do SAAD, 56.6 sobre a determinación da contía das libranzas, 61.2 sobre o servizo da axuda no fogar, 62.2 sobre o servizo de atención diúrna, 64. 4 e 5 sobre a libranza de coidados na contorna familiar, 66.2 sobre a libranza de asistente persoal e o Anexo V sobre as contías máximas das libranzas.

Na parte final componse dúas disposicións adicionais e unha disposición derradeira coa entrada en vigor cos efectos retroactivos.





3. Tramitación da disposición administrativa da carácter xeral.

O proxecto de orde someteuse ao disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e precisando dos seguintes trámites, o acordado o inicio da tramitación, dado o seu contido puntual xustifícase a ausencia do trámite da consulta pública previa.

Xunto co texto do proxecto de Orde achegouse a seguinte documentación:

. Memoria xustificativa e económica da modificación.

Tras a aprobación inicial pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude, o proxecto de orde someteuse á audiencia a través do portal de transparencia. A través da dita canle achéganse o 17 de novembro de 2023 dúas suxestións ao proxecto presentadas por unha persoa física e pola Confederación Galega de persoas con discapacidade. O seu estudo e tratamento figura no expediente do proxecto da disposición mantendo a redacción do proxecto que se axusta á normativa estatal.

Polo que se refire aos informes sobre o proxecto normativo, o texto someteuse ao pronunciamento dos seguintes órganos:

- . Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade
- . Informe de sostibilidade da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
- . Ditame do Consello Galego de Benestar Social no que están representadas as entidades máis representativas.
- . Ditame da Comisión Galega de Cooperación Local ou, no seu caso, do informe da Federación Galega de Municipios e Provinciais.

Como xa consta na fase inicial da tramitación, dado o seu rango, a presente orde non requiriu do seu traslado e da análise do seu impacto demográfico ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica.

Na fase final os expediente elevase ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que con data 29 de novembro de 2023 o emite en sentido favorable.

4. Legalidade, acerto e oportunidade.

De acordo co indicado, considerase que este proxecto de orde polo que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, axustase á dereito e reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade.

Así o exposto, asinase o presente informe no lugar e na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

